



Xornada diocesana das persoas con discapacidade

TI E EU SOMOS IGREXA

Domingo, 3 de decembro de 2023

Queridos irmáns:

Unha Igrexa de todos e para todos ha de ser unha Igrexa accesible. No Evanxeo atopamos constantes exemplos e accións nos que Xesús mostra ao Pai como un Deus de todos e para todos. Atender ás que hoxe chamamos «persoas con discapacidade» é, por tanto, un mandato constante no xesto e a palabra de Xesús. As persoas con discapacidade, por medio do bautismo, son chamados a ser parte viva e activa do Pobo de Dios, dunha Igrexa que sexa en verdade “de portas abertas”.

Valorar a súa presenza como irmáns e irmás na fe significa, entre outras cousas, aprecialos na súa dignidade, recoñecer as súas condicións diferentes e xerar os medios necesarios para que a súa iniciación á vida cristiá se vaia realizando nun camiño no que a experiencia de Dios dea sentido pleno ás súas vidas e testemuñen coa súa vida ao mundo.

Como Igrexa diocesana queremos identificar barreiras, modificar contidos, enfoques, estruturas e estratexias para incluír a todas as persoas, coa convicción de que é responsabilidade de toda a comunidade parroquial.

Por iso, nas nosas parroquias habemos de aprender a aceptar a cada persoa como é, recoñecendo as súas características individuais; dar a cada persoa o que necesita para gozar dos mesmos dereitos; non tentar cambiar ou corrixir a diferenza da persoa senón acollela para enriquecernos con ela; e eliminar as barreiras que lle impiden acceder e participar en todos os actos da parroquia.

Cada un coas súas capacidades e dificultades, todos somos convocados a ser discípulos misioneiros que levamos ao mundo a mensaxe da esperanza da salvación. Esa esperanza aluma de novo ao comezar este Advento o domingo 3 de decembro, no que nos unimos ao Día Internacional das persoas con discapacidade, para visibilizar a nenos, novos e adultos que conviven con algunha discapacidade e recoñecer neles a chamada a unha vida de fe plena e chea de significado. Con eles, ti e eu somos Igrexa.

+ Francisco José Prieto Fernández
Arcebispo de Santiago de Compostela